



PAUTAS XERAIS DE ATENCIÓN A PERSOAS CON DISCAPACIDADE SENSORIAL AUDITIVA

1. Aspectos xerais

A discapacidade auditiva consiste na debilitación ou na perda total ou parcial do sentido da audición. É normal que apareza frecuentemente asociada a problemas da fala e afecte a percepción e a comprensión da información recibida pola vía oral-auditiva e incluso a escrita.

Podemos falar de dous tipos de discapacidade auditiva: xordeira, que se correspondería coa perda total da audición, e hipoacusia, que se identificaría coa diminución da percepción auditiva.

2. Capacidades e necesidades

O colectivo de persoas con discapacidade auditiva é un grupo heteroxéneo en que se atopan persoas que se comunican por medio da lingua de signos, pero tamén, nalgúns casos, persoas que se apoian noutros recursos comunicativos, como a linguaxe labial, ou en medios técnicos, como as próteses auditivas.

As principais necesidades maniféstanse no acceso á información sonora (conversas, charlas, clases etc., polo que se requiren outras canles como a visual que, xunto co emprego de axudas técnicas como as mencionadas próteses auditivas ou a colaboración de intérpretes de lingua de signos, facilitan o acceso deste colectivo á información.

3. Pautas xerais

- Falarémoslles sempre de fronte ás persoas con discapacidade para que poidan ler os beizos e fixarse na expresión corporal e facial. Tamén teremos en conta que unha boa iluminación favorece esa comunicación.
- Vocalizaremos claramente, xa que a lectura labial ten moitas limitacións. Tampouco falaremos rápido, senón cun ritmo moderado e empregando frases breves e concisas.
- Deberemos ter en conta que non todas as persoas xordas utilizan a lingua de signos nin a lectura labial, polo que, en último caso, utilizaremos a escritura.
- Poderemos tocar as persoas no ombro para chamar a súa atención. Se estamos nunha sala grande acenderemos e apagaremos as luces intermitentemente.
- Pedirémoslles que nos repitan algo que nos comunican cando non o entendamos.

- Dirixirémonos ás persoas xordas cando nos comuniquemos con elas e non aos/ás intérpretes que as acompañen.
- Falaremos con naturalidade, sen berrar; non por falar máis alto nos van entender mellor as persoas xordas.
- Deberemos ter a boca libre de gomas de mascar, caramelos ou bolígrafos para así vocalizar con maior claridade, xa que a presenza destes elementos ou mesmo de barba ou bigote dificulta a comunicación.
- Teremos en conta que o uso de audiófonos non proporciona unha audición completa, polo que as persoas seguirán apoiándose na lectura labial para a total comprensión.

4. Pautas na aula

- Deberemos colocarnos, se é posible, en forma de U para que a persoa xorda poida ver a cara do resto dos compañeiros e compañeiras e procurar respectar as quendas de palabra.
- Permitirémolles a estancia na aula a persoas voluntarias para que lle tomen os apuntamentos á persoa xorda á que acompañan.
- Evitaremos falar mentres estamos de costas á persoa con discapacidade, por exemplo cando escribimos no encerado.
- Poderémolles achegar á persoa xorda, cando se utilicen medios audiovisuais, un índice ou un resumo do que se vai expoñer para que o revise previamente, debido á imposibilidade de atender simultaneamente a imaxe e a explicación. Mais o ideal sería acompañar na proxección o propio texto explicativo ou mesmo utilizar subtítulos.
- Proporcionarémolles a información previa básica sobre os exames acerca dos contidos, formato, tempos e criterios de avaliación.
- Deberémolles facilitar a correcta colocación nas probas orais para permitir a correcta lectura de beizos.
- Incrementarémolles o tempo da proba nos casos en que sexa necesario, segundo as dificultades que presente cada estudante.
- Formularemos claramente as preguntas nos exames e, no caso de que identifiquemos algún erro no momento do propio exame, aseguraremos de que a persoa xorda recibe esa información.
- Permitirémolles durante as probas escritas utilizar un dicionario de sinónimos e antónimos para que comprendan mellor os textos.